



VIGO



SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE VIGO

## REXISTRO DO PLENO

Vigo, 10 de novembro de 2022.

Alfonso Marnotes González, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular de Vigo

### EXPÓN:

- Que o día 3 de novembro de 2021 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou en sesión extraordinario e urxente o Proxecto de Orzamentos Xerais do Concello de Vigo para o ano 2023. Expte. 76/142.

-Que se deu traslado aos grupos municipais dunha copia do mencionado expediente acordándose abrir un prazo de emendas ata o día 11 de novembro de 2021

De conformidade cos artigos 81 e seguintes do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello formula as seguintes

### EMENDA

#### ÚNICA.- Á TOTALIDADE DO PROXECTO.

Mediante o presente escrito, e segundo o previsto no artigo 83 do Regulamento Orgánico do Pleno preséntase unha emenda á totalidade do proxecto solicitando a devolución á Xunta de Goberno Local polos motivos que se establecen de seguido.

Preséntase un proxecto de orzamentos de 292.089.835,00 Euros, un 2,30% máis que os do ano anterior.

Este pequeno incremento é decepcionante na medida en que contrasta cos orzamentos expansivos que presentaron tanto o Estado (10,8%) como a Xunta de Galicia (8,5%) e é mesmo menor que o da Deputación de Pontevedra (3,3%).

Temos que sinalar que as achegas dos Fondos Europeos, nomeadamente os NEXT-Generation ao Concello son de 10.201.913,24 € o que apenas supón o 3,53%do total dos ingresos e que da a medida do esforzo que inda ten que facer o goberno municipal na procura de ingresos por esa vía como xa fixeron outras entidades locais do Estado que xa teñen asignados 15.000 millóns de euros dos fondos de recuperación segundo informa a propia FEMP. Observamos así unha importantísima minoración do que se recibe de outras administracións como transferencias do capital polo capítulo VII do orzamento de ingresos 5.212.792,15 €, un -22,86%.

O orzamento sube con respecto ao ano anterior en só 6,5 millóns de euros, incremento tan cativo que non compensa o a subida do gasto corrente do concello que é moito maior, de 17 millóns de euros. Esa enorme subida do gasto corrente, maior que o incremento total do orzamento, obriga ao goberno a facer axustes, polo lo que viuse obrigado a minorar o capítulo VI con respecto ao orzamento inicial no ano corrente en case 12 millóns de euros.

Esa diminución no capítulo VI terá consecuencias en determinados proxectos importantes. Así, suporá a interrupción das obras do Estadio Municipal de Balaídos, posto que rematada a bancada de "marcador" non será posible iniciar a de "Gol", posto que non existe consignación orzamentaria.

Por outro lado, desaparece tamén o proxecto de investimento relativo á remodelación da Avenida de Madrid. O 3 de xuño de 2016 asinouse en Vigo o «Convenio de colaboración

entre o Ministerio de Fomento e o Concello de Vigo para o deseño, execución e financiamento das obras de adecuación e mellora da Avenida de Madrid (Autovía A-55). .kk.0+000 e 2+370), modificado por Addenda de 27 de Setembro de 2019 (BOE núm. 236 de 1 de outubro de 2019). Tampouco existe consignación orzamentaria para as obrigas que asume o Concello derivadas de ese Convenio e, xa que logo, a Avenida de Madrid, a principal entrada da cidade, carece de consignación orzamentaria cando se trata dunha obra de 13 millóns de euros que se dixo que se comezaría ao terminar as ramplas da Gran Vía para que non colapsase o tráfico. As ramplas da Gran Vía están a piques de rematarse e de feito a Gran Vía recuperará tódolos carrís da circulación, pero non existe consignación orzamentaria.

Tampouco existe consignación orzamentaria suficiente para remodelar as pistas de atletismo municipais Balaídos, unha obra moi necesaria á que se lle dedican só 230 mil euros, que é o que custa facer o proxecto.

Por outra banda, sorprende a carencia de previsión orzamentaria específica para o proxecto da Porta do Sol. O proxecto actual de peonalización da Porta do Sol condena ao Paseo de Alfonso a non ser xamais peonil, como é a súa vocación e se prevé no PEPRI do Casco Vello. A Rúa Elduayen deixa de ser unha rúa para converterse na rampla de acceso e saída do túnel previsto, o que é absolutamente impropio para unha rúa no centro histórico. É preciso contemplar nos orzamentos consignación específica para abordar de inmediato a peonalización de Elduayen e do Paseo de Alfonso e evitar que un novo retraso dun ano fagan imposible o proxecto. É preciso abordar ese proxecto agora que se tramita xa o Barrio do Cura e a actuación da Panificadora e consignar fondos en contía que permita realizar os estudos para atopar a mellor solución, redactar os proxectos e iniciar a obra neste mesmo ano. A este respecto compre sinalar que os estudos previos xa foron elaborados e procede dotar orzamentariamente o proxecto.

Finalmente con respecto aos investimentos é preciso sinalar que non se explica nin motiva a que programación ou xustificación obedece a selección de unhas obras en detrimento de outras se cadra igualmente necesarias.

Ao noso entender esa programación debera partir dun equilibrio territorial dentro do termo municipal pensando tamén en evitar o colapso de determinadas zonas da cidade por acumulación e solapamento de obras. Colapso non só en termos de tráfico, senón tamén económicos xa que o acceso ao comercio e hostalaría foi imposible este ano por exemplo na Rúa Elduayen.

O gasto social, que tiña que ser un dos máis importantes do proxecto de orzamentos, segue por baixo dos cen euros por habitante. A esta área, que é cada vez máis importante, polo incremento das persoas que cada vez teñen máis dificultades e a complicada situación económica que non fai senón empeorar, dedícanse pouco máis de 20 millóns de euros cando debería situarse sobre os 30 millóns, que é o que orzaron municipios de similar poboación para manter a ratio de 100 €/hab.

A previsión de gasto no programa 2310 Acción Social acada os para o ano 2022 os 20.982.230,58 € fronte aos consignados para o ano 2022: 18.007.892,53 €.

É un incremento de 2.974.337,47, un 6,53%.

Incremento necesario pero a todas luces insuficiente. En primeiro lugar porque o gasto necesario para acadar uns niveis aceptables sería o de 100 Euros por habitante e acadar os 29 millóns de euros. En segundo termo, porque en outubro de 2022, o Índice de Prezos ao Consumidor (IPC) anotou un aumento mensual de 0,5%, acumulando unha alza de 11,4% no que vai do ano, e unha variación de 12,8% a doce meses, cun tremendo impacto nas economías familiares e, nomeadamente, as rendas máis baixas beneficiarias dos programas de acción social municipal que viron incrementados os seus gastos sen que o

concello incrementase durante o ano as partidas necesarias para compensar o efecto da inflación (como si fixo mediante os remanentes nas correspondentes aos investimentos) e sen que ese incremento para o 2023 compense os efectos da inflación sufrida e da prevista.

Chegado este momento, é preciso tamén facer fincapé no nivel de execución orzamentario, que a 30 de setembro deste ano o 44,49%, o 18,52% en investimentos reais. O ano 2021 pechouse cunha execución orzamentaria do 67,47% (O 36,21% no capítulo VI), o ano 2020 do 66,61% (o 21,62% no capítulo VI). Este baixo nivel de execución do orzamento de gastos contrasta coa eficacia na xestión do orzamento de ingresos, no que as previsións de ingresos anuais se acadan completamente. Xa que logo podemos concluír que existe un enorme desaxuste entre o que concello ingresa cada ano e a súa previsión de gasto, e que é perfectamente posíbel e mesmo sería desexábel revisar a política fiscal do Concello e as súas políticas de gasto.

Axudaría nese sentido que o proxecto de orzamentos contemplase os obxectivos que se pretenden conseguir e se dotase de indicadores de cumprimento dos programas orzamentarios. Nese sentido, deberían terminarse os traballos da Ordenanza Xeral de Subvencións e o Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Vigo, que foron obxecto de grupos de traballo no ano 2018 e que resultan esenciais para orientar as políticas municipais a obxectivos determinados e medibles e aliñados cos orzamentos anuais.

Porque o certo é, velaquí de novo un anos máis unha razón que por si soa basta para devolver o proxecto ao goberno: que estes orzamentos están realizados ao marxe da situación económica, sen que se teña en conta o seu impacto nas contas para revisar totalmente as partidas de gastos para adaptalas ás necesidades que se derivan da crise económica e social e do estímulo económico e de emprego.

Revisión de partidas de gastos que debe comezar polos que se dedican a políticas sociais.

Tampouco se entende a falta absoluta do Concello de medidas fiscais e de promoción económica

Con todo, nos cremos que os orzamentos deben ser devoltos á Xunta de Goberno Local e que se elabore un novo orzamento no que se teñan en conta as premisas que de seguido establecemos.

En primeiro lugar, cremos que o gasto social debe incrementarse a lo menos ata os 29,7 M de Euros para chegar a un gasto social de 100 euros por habitante, que é o recomendable para acadar un nivel de atención en políticas de benestar segundo os parámetros de cohesión social.

Ese incremento debe acompañarse tamén dunha revisión das liñas de axuda tanto por beneficiarios como por conceptos e importes, abordando un verdadeiro Plan de Inclusión Social que contemple tamén medidas de mellora da empregabilidade dos beneficiarios que polo seu perfil poden ser suxeitos dun itinerario personalizado de acompañamento.

Debe incorporarse nos orzamentos medidas específicas de apoio ao comercio e hostalería e aos pequenos establecementos da cidade. Medidas de dinamización, de redución fiscal e de axuda directa mediante subvencións e demais accións de fomento.

Procede aquí a reflexión sobre o programa 4310 de comercio, que ascende a 2.625 do que a práctica totalidade, 2.35.000 € corresponden á iluminación do nadal e só 75.000 euros a un plan de dinamización comercial e 200.000 a subvencións ao pequeno comercio. A desproporción entre o que o concello gasta no nadal e no pequeno comercio é tan clamorosa que ten que levar necesariamente a elevar substancialmente as subvencións ao pequeno comercio e ao plan de dinamización comercial.

Tamén é preciso maior dotación orzamentaria e maior esforzo nos programa 2410 de Fomento e Promoción do Emprego, ao que se dedican 5.214.602,94 Euros. Cifra insuficiente tendo en conta tamén a importancia das políticas activas de emprego nun contexto económico adverso.

E finalmente, a revisión do capítulo de investimentos coas carencias en proxectos e importes que consignamos no presente escrito.

Procede, e así o pedimos, a devolución do proxecto á Xunta de Goberno Local.

Vigo, a 11 de novembro de 2022.

Alfonso Marnotes González.

Voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular

76711589B JOSE  
ALFONSO MARNOTES  
(R: V36879740)

Firmado digitalmente por  
76711589B JOSE ALFONSO  
MARNOTES (R: V36879740)  
Fecha: 2022.11.11 11:25:46 +01'00'

